



DEPUTACIÓN OURENSE  
PRESIDENCIA

Copia

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REGISTRO XERAL	
- 8 SET. 2016	
N.º ENTRADA	N.º SAIDA 12909

En contestación á peticións de data 23 de xuño con nº de rexistro 18992 e 18994, achégolle en soporte dixital proxecto de construción , Memoria, Planos, Prego de Prescricións técnicas particulares e orzamento, así mesmo achégolle informe sobre a idoneidade da ubicación da piscina flotante de datas 1 de marzo de 2016 e 21 de xuño de 2016 ( INCAT ).

Achégase copia do informe do xefe da Sección de Supervisión de Obras e Proxectos, copia do informe do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras en relación as posibles ubicacións, prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación da execución da obra, prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento negociado e memoria xustificativa do cumprimento dos requisitos.

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 8 de setembro 2016



O PRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco.

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ - deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.